

## SIMBOLOXÍA EN PONDAL (AMPLIACIÓN)

Xa vimos que a **paisaxe** e concretamente a paisaxe de Bergantiños está moi presente na obra pondaliana, e moitos deses elementos paisaxísticos posúen connotacións simbólicas:

**Os piñeiros:** como guerreiros; poden ter unha función profética, alentan os heroes a ir á loita, ademais as árbores teñen un carácter dual, conectan a terra co ceo.

**As uces:** confidentes do poeta.

**O vento:** testemuña da historia e expresión do paso do tempo, está relacionado coa voz humana e a harpa.

**As aves** (os feros corvos, a píllara, as andoriñas, o mazarico...) simbolizan a liberdade, o paso do tempo, sentimentos de nobreza e mesmo o poeta.

**A toponimia:** aparecen moitos topónimos da comarca de Bergantiños, simbolizan a relación do poeta coa terra canto elemento telúrico.

Vexamos algúns destes elementos nun poema:

Cando no escarpado cabo  
sae a fror da caramiña  
ó cazador anunciando  
a leda estación garrida,  
cando da doce Süevia  
ás doces praias amigas,  
en novelo xentil axuntadas,  
chegan as lixeiras píllaras,  
  
entonces do bardo o espírito,  
que soña antr' as uces irtas,  
no formoso instrumento apoiado,  
en donde o vento suspira,  
  
mentres os fillos dos celtas  
cumpren serva e innobre vida,  
entonces o espírito invade do bardo  
escura melancolía.

A **misoxinia e a infravaloración da muller** son trazos inherentes á ética castrense, os valores masculinos e femininos reflectidos na obra de Pondal son inaceptables desde unha óptica actual. A muller é tratada desde diferentes perspectivas:

A muller como **obxecto de desexo** é presentada con vulnerabilidade e sen poder rexeitar o contacto carnal provocado polo home.

A **muller amada**, aparece definida con termos como tenrura, avogosa, acougo e tranquilidade.

Como **seres mitolóxicos**, sobre todo en forma de fada ou serea.

Na adxectivación: doce, brando, feble... asociado co feminino / duro, férreo, forte... asociado co masculino.

As almas escravas,  
De ideas non grandes,  
Van pensando mil cousas femíneas,  
Molentes e infames.

Mil soños forxando,  
Que o ánimo agobian;  
Arrastrando infames cadeas,  
Cal brandos ilotas.

Espíritos bransos,  
Espíritos muliebres;  
Sedentarios, que lenta consome,  
E mórbida febre.

Mais a alma do bardo,  
Enérxica, ousada,  
Que audaz libertade,  
Tan só soña e ama:  
Vai pensando en propósitos férreos,  
Que ergueran a patria!

**O CELTISMO** representa a afirmación nacional. Murguía facilitou a Pondal a lectura do Leabhar Ghabhla, manuscrito en lingua celta no que se narra a chegada de Breogán a Irlanda procedente de Galicia. Na obra de Pondal aparecen numerosas referencias a heroes celtas.

**O BARDISMO** a figura do bardo como POETA-GUÍA ten orixe nos pobos celtas. Pondal eríxese como bardo do pobo galego cunha función dupla: cantar as proezas dos nosos devanceiros e as súas fazañas no pasado e por outra banda, amosa o camiño para acadar unha Galicia liberada.



*Lápida na tumba de Pondal, no cemiterio de Santo Amaro (A Coruña)*

**O HELENISMO** para exaltar os heroes celtas, Pondal toma das obras clásicas da antiga Grecia homérica os trazos do guerreiro espartano, cultivador do seu corpo e mente para a defensa do seu pobo. Aparece a dicotomía entre *valor/cobardía; liberdade conquistada / escravitude asumida*